



PROXECTO MENTORING USC  
DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, CULTURA  
E RESPONSABILIDADE SOCIAL

Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega  
Casas Reais, 8 • 15782 Santiago de Compostela  
Teléfono: 881 811 006 • Fax: 881 811 206  
Correo electrónico: vr.estudiantes@usc.es

006654 28.09.2017 09:02

## PROXECTO MENTORING USC. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

CURSO 2017/2018

### OBXECTIVO

O obxectivo do **PROXECTO MENTORING USC. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL** é poñer en contacto ao estudiantado de máster, de último ano de grao e graduados ("mentorizados") con directivos de empresas e profesionais ("mentores") co fin de que estes poidan apoialos na toma de decisións para o desenvolvemento da súa carreira profesional.

### ¿EN QUE CONSISTE O PROXECTO?

A cada estudante seleccionado/a se lle ofrecerá a oportunidade de elixir un mentor/a acorde a súa área formativa e intereses profesionais (sempre en función da dispoñibilidade dos mentores participantes no programa).

Durante o tempo de duración do proxecto, os participantes terán a oportunidade de establecer unha serie de reunións, cun mentor de ampla e recoñecida traxectoria profesional.

Mentores e alumnos **deberán programar un mínimo de cinco xuntanzas entre os meses de xaneiro e maio (prioritariamente)**, das cales un mínimo de dúas deberán ser presenciais, e deberán celebrarse nun lugar pactado entre ambos participantes.

Inicialmente organizarase unha xuntanza entre os mentores e os mentorizados/as, para que se coñezan, establezan un primeiro contacto e inicien a planificación das reunións.

Durante estes contactos establecerase unha relación de apoio no que os mentores, de forma individualizada, darán a coñecer o seu ámbito e desenvolvemento profesional, e poderán ofrecer asesoramento ao alumnado participante, sobre a forma de abordar a transición ao mundo laboral.

Podendo concretarse nas seguintes actuacións:

- Obter coñecementos da área de traballo de interese
- Enfocar a busca de emprego desde a perspectiva dos empregadores
- Coñecer profesionais do sector de interese
- Coñecer outras alternativas profesionais
- Clarificar dúbidas sobre a profesión elixida
- Obter unha perspectiva realista do mundo laboral
- Apoio para a definición do obxectivo profesional e de itinerarios formativos
- Coñecementos específicos e prácticos sobre a profesión do mentor/a
- Apoio para mellorar a adaptar o perfil profesional ao mercado laboral
- Coñecementos para iniciar unha actividade empresarial propia

Por outra parte, ao longo do programa ofrecerase aos alumnos a opción de participar en diferentes actividades formativas cuxa finalidade será a preparación dun plan de acción para desenvolver durante o proxecto.

### ¿QUÉN PODE PARTICIPAR NESTE PROXECTO?

Poderán participar:

- A) Estudantes de último curso de grao
- B) Graduados nos cursos 2015/16 e 2016/17
- C) Estudantes de máster ou titulados de máster no curso 2016/17

### DURACIÓN DO PROXECTO

O programa de execución do **PROXECTO MENTORING USC. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL** terá unha duración estimada de cinco meses, comprendidos prioritariamente entre os meses de xaneiro de 2017 e o maio de 2018.

Se o mentor/a e persoa mentorizada, de mutuo acordo, estimasen necesario ampliar o prazo para completar o programa iniciado, poderá prorrogarse polo período necesario ata a súa conclusión.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

#### **A) REQUISITOS:**

- Estar matriculado na Universidade de Santiago, como estudante de máster ou último curso de grao, ou ben ter obtido o título de grao nesta universidade nos cursos 2015-16 e 2016-17, ou o título de máster no curso 2016/17.
- Ter un expediente académico con nota media de 5,5 ou superior.  
*Os estudantes de máster, neste apartado, serán seleccionados polo expediente da titulación previa habilitante*
- Non ter participado como alumno "mentorizado" en convocatorias anteriores deste proxecto.

#### **B) CRITERIOS AVALIABLES:**

1. Ser adxudicatario/a dunha bolsa do Ministerio de Educación para cursar estudos nesta universidade no curso 2016/2017.
2. Expediente académico do grao.
3. Entrevista ou sesión grupal: os inscritos que reúnan os requisitos previos arriba expostos deberán participar nunha entrevista persoal ou nunha sesión grupal, para determinar

4. as súas habilidades competenciais e o emparellamento máis axeitado tendo en conta a oferta preexistente de mentores (*aquelas persoas inscritas que non se presente á dita proba, quedarán excluídas do programa*).

Seguindo estes criterios, establecerase un baremo no que se puntuará a cada un dos alumnos postulantes, e no que se terán en conta, por esta orde:

- Alumnos/as que teñan sido bolseiros/as do MEC no curso académico anterior,
- Nota media do expediente académico.
- Entrevista/sesión grupal .

A puntuación obtida será a que se utilizará para establecer unha orde de prelación na adxudicación de mentor/a.

#### OBRIGAS DOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA

- O alumnado participante deberá comprometerse por escrito a cumprir as seguintes obrigas:
  - Completar o proceso de mentorización
  - Asistir ás sesións presenciais de presentación e clausura do proxecto.
  - Presentar un plan de acción no que se especifiquen obxectivos a alcanzar no programa, planificación de tarefas a realizar co mentor (facilitaranse previamente as pautas para a súa elaboración)
  - Tomar a iniciativa para contactar co mentor ou mentora. Establecerase un prazo para contactar co mentor/a, as persoas que incumpran este prazo quedarán excluídas do proxecto.
  - Planificar co mentor ou mentora os obxectivos.
  - Responder aos correos de seguimento que enviarán os técnicos de orientación laboral ao longo do proxecto.
  - Comunicar aos técnicos de orientación laboral calquera incidencia que teña lugar respecto á súa participación neste proxecto.
  - Asistir ás actividades formativas específicas ás que sexan convocados/as.
  - Cumprimentar unha enquisa para valorar o desenvolvemento do programa e os resultados obtidos.\*.
  - Presentar unha memoria ao finalizar os cinco meses de duración do proxecto\*.

\*Aquelas persoas que non presenten a memoria e que non cumprimenten a enquisa de valoración final, non se lles fará entrega do diploma acreditativo de participación.

#### ADXUDICACIÓN

A listaxe de adxudicatarios/as e os emparellamentos correspondentes (mentores e mentorizados) serán publicados na páxina web do proxecto:  
<http://www.usc.es/gl/proxectos/mentoring/index.html>

Finalmente, valorarase especialmente a afinidade existente entre a cualificación e o encadramento profesional do mentor e a titulación ou especialidade do mentorizado.

Resultará deserta a adxudicación cando tecnicamente, non poida lograrse o emparellamento entre mentor e mentorizado.

## PRAZO DE INSCRIPCIÓN E PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN

**Prazo de inscrición e de presentación da documentación:** o prazo abarca dende o día 28 de setembro ata o día 5 de outubro de 2017, ambos inclusive. Se rematado o mesmo non se acadaran candidatos suficientes, procederíase a unha ampliación por un período similar a este e publicaríase na páxina web do proxecto.

### **Procedemento:**

A inscrición farase a través da secretaría virtual: [Matricula](#)

**IMPORTANTE:** Os estudantes de máster que tiveran cursado os estudos da titulación previa habilitante (licenciatura ou grao) noutra universidade, deberán presentar a certificación do expediente académico con nota media sobre dez. Este documento deberá enviarse a través do correo: [proxecto.mentoring@usc.es](mailto:proxecto.mentoring@usc.es)

## RENUNCIAS E BAIXAS

No caso de circunstancia, que imposibiliten a continuidade dun alumno no proxecto, este deberá comunicalo por escrito, expoñendo os motivos polos que renuncia á súa participación, e presentando, se procede, o xustificante que o acredite.

A Comisión de selección do proxecto reserva o seu dereito de dar de baixa a aqueles alumnos que incumpran as obrigas derivadas da súa participación, e expostas nesta convocatoria.

## COMISIÓN DE SELECCIÓN

Esta comisión estará formada por:

- Presidencia: Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social ou persoa en quen delegue
- Vogais:
  - Coordinador da Area de Orientación Laboral
  - Técnicos da Area de Orientación Laboral

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

A VICERREITORA DE ESTUDANTES, CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL  
(P.D., R.R. do 22 de setembro de 2015, DOG do 5 de outubro)



Maria Dolores Álvarez Pérez